

Poesía

Ramón Ferradás

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FERRADÁS, RAMÓN (2011 [1987]). “Poesía”. *Dorna*: 11, 129-130. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/30>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FERRADÁS, RAMÓN (1987). “Poesía”. *Dorna*: 11, 129-130.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A SOLAINA DAS LETRAS

Poesía

Por: Ramón Ferradás

Segue a nosa puntual colleita de libros de poesía; un dos xéneros máis continuadores do espacio literario galego, e ó que acostuman a prestar atención os críticos e os interesados.

A colección “Leliadoura”, a máis viva das actuais; dirixida entre outros por Basilio Losada e Xesús González Gómez, puxo nas librerías, nos últimos meses, os seguintes poemarios. *Pensar na Tempestade*, terceira entrega de Ramiro Fonte. Con *Antigo futuro*, porsegue Xoán Manuel Casado o seu labor poético que non ficou interrompido coa súa feliz incursión na narrativa. Neste novo libro delóngase nos poemas protocolarios; case circunstanciais. A ironía coloquialista está aínda máis presente que noutras entregas súas. Interesante o ámbito cidadán barcelonés e certos motivos que se poden ver tamén en Gil de Biedma ou en Vázquez Montalbán. Xosé María Costa, outro poeta extraterritorial coma Casado, publica o seu terceiro libro de poemas baixo o título de *Non todo na auga é silencio* Poesía discreta pero eficaz na elección e no desenvolvemento dunha unidade emotiva que obxectiviza o eido poemático. Xosé María Álvarez Cáccamo dános en *Os documentos da sombra* unha viaxe alucinada polo corazón máis terrible da súa cidade. Libro de moitos materiais escollidos e peneirados, este documento do fronteirizo da cidade, dos tormentos dos antergos, da vocación xenealóxica de Álvarez Cáccamo, ten, ademais doutras, a grande virtude de establecer sucesivos diálogos entre os diversos enunciadores líricos. Incluso, a propia

reflexión que o autor exerce sobre os contidos da súa obra. Libro sometido, a un tempo, a disgresións e serenidades.

Na colección “Vento Branco” de Edicións Xerais de Galicia, aparece o primeiro libro dunha autora nova, aínda que xa coñecida. En tempos de celebracións da poesía feminina, hai que dicir que Xela Arias merece un lugar de seu; a súa escrita é fiel ós presupostos da súa autora. Séntese entre un elemento beat e outro romántico. En *Denuncia do equilibrio*, témo-la certeza de nos atopar cunha voz xenuína entre as dos poetas mozos. Algo que xa se sabaía polos poemas que Xela Arias dera á luz nalgunha publicación como esta mesma revista.

Quizais a mellor xoia poética publicada nestes últimos tempos sexa a edición *Poesía Galega Completa* de Aquilino Iglesia Alvariño, Edicións Xerais de Galicia, realizada polo profesor Xesús Alonso Montero. O ordenamento ó que este someteu o legado aquiliniano, ponnos enfrente dun dos maiores poetas galegos do século XX. Quizais o único, xunto con Díaz Castro, que foi quen de dar unha saída honrosa ás humildes belezas de Noriega. Desde o seu paisaxismo inicial ata o maravilloso poema “Pastor de ríos”, sentímonos perante dun dos nosos poetas maiores. Pola súa valoración da palabra patrimonial. Polo seu clasicismo. Pola lectura, desde o idioma galego, de temas universais. Boa cousa para as novas xeracións a adicatoria do día das Letras, que foi quizais o pretexto deste libro. Boa cousa tamén o labor

paciente de quen ordenou e anotou estas páxinas. Fermosa tamén a propia edición.

Apareceron nestes meses algunhas reflexións sobre a poesía galega actual. Un artigo adicado a esta na revista asturiana *Los Cuadernos del Norte* no que o seu autor, Claudio Rodríguez Fer, quizais por asumir un xeito de imparcialidade de quen está involucrado no proceso, en vez de falar de poesía galega fala de poesía castelá. Iso si; veñen moitos nomes de poetas e as cidades onde viven. Tamén, e sen explicar na complexidade que se agarda dun crítico, o tópico do ano 76. *Dorna* para el, por exemplo, non existe.

En *Desde a palabra: doce voces*, antoloxía da nova poesía galega organizada por Luciano Rodríguez, editada por Edicións Sotelo Blanco, hai que valorar, fundamentalmente, o atrevemento de quen escolle doce poetas por criterios literarios esencialmente persoais. Tamén a boa man para escolle-los textos. Falla, iso si, un prólogo-estudio máis esencial e fondo, que ben podería saír dun xusto aproveitamento das desiguais poéticas. Estas móvense entre a humildade e a petulancia; entre o discurso egocéntrico e o nós.

